

**REUNIÓN DA COMISIÓN 1.^a,
INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN
XERAL, XUSTIZA E INTERIOR**

Día: 03.03.2017 Hora: 10:30

A Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 3 de marzo de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto Preliminar. Elección da vicepresidencia

Punto 1. Preguntas orais en Comisión

- 1.1 2623 (10/POC-000329)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 4 máis
Sobre a execución do Plan anual de cooperación galega 2016
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 44, do 13.01.2017
- 1.2 4190 (10/POC-000717)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as razóns dos sucesivos adiamentos e demoras no desenvolvemento das probas correspondentes aos procesos selectivos de persoal dos corpos xerais da Xunta de Galicia, as medidas previstas polo Goberno galego para corraxir esta situación, así como os prazos estimados para a convocatoria das probas pendentes e o remate do proceso selectivo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 63, do 09.02.2017
- 1.3 4494 (10/POC-000768)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e Vilán Lorenzo, Patricia
Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a publicación no Portal de transparencia e goberno aberto do informe referido ao grao de cumprimento pola Xunta de Galicia dos acordos aprobados polo Parlamento de Galicia na décima lexislatura
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 66, do 15.02.2017
- 1.4 4568 (10/POC-000779)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen e 13 máis
Sobre a existencia de tarxetas bancarias institucionais na Xunta de Galicia, así como de mecanismos suficientes para garantir o cumprimento da Lei de transparencia e bo goberno
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 66, do 15.02.2017

Punto 2. Proposicións non de lei en Comisión

- 2.1 4053 (10/PNC-000378)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre as xestións que ten que facer o Goberno galego diante do Goberno do Estado para que os sobres dos xulgados de Violencia contra a Muller non leven o selo identificativo para favorecer a discreción
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 57, do 01.02.2017
- 2.2 4392 (10/PNC-000413)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen e 13 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para impulsar o software libre na Administración local
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 62, do 08.02.2017
- 2.3 4579 (10/PNC-000440)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos danos causados polos temporais rexistrados en Galicia nos primeiros días do mes de febreiro de 2017
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 66, do 15.02.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2017

Aurelio Alfonso Núñez Centeno
Presidente da Comisión

**RELACIÓN DE MEMBROS DE
COMISIÓN 1.^a, INSTITUCIONAL, DE
ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR
POR ORDE ALFABÉTICA**

Mesa

Presidente	
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Vicepresidente	
César Manuel Fernández Gil	P
Secretaria	
Patricia Vilán Lorenzo	S

Vogais

Xosé Luís Bará Torres	BNG
Juan Manuel Díaz Villoslada	S
Jacobo Moreira Ferro	P
María Isabel Novo Fariña	P
José Alberto Pazos Couñago	P
Paula Prado del Río	P
María Julia Rodríguez Barreira	P
Carmen Santos Queiruga	EM
Luis Villares Naveira	EM

Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 03.03.2017 Hora: 10:30

Orde do día

0. Elección da vicepresidencia

Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 03.03.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais en Comisión

Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 03.03.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 2623(10/POC-000329)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 4 máis

Sobre a execución do Plan anual de cooperación galega 2016

Publicación da iniciativa, 44, 13.01.2017

Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, César Fernández Gil, María Antón Vilasánchez, Julia Rodríguez Barreira e Miguel Tellado Filgueira, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

A Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación galega para o desenvolvemento establece que a cooperación galega para o desenvolvemento se articulará a través de plans directores cuadrienais e de plans anuais.

Trala aprobación do Proxecto do III Plan Director da Cooperación Galega 2014-2017 polo Consello Galego de Cooperación e polo Consello da Xunta de Galicia, dito Plan, que sinala os obxectivos e prioridades de actuación da cooperación galega para os vindeiros catro anos foi aprobado pola Comisión 1ª do Parlamento o 18 de marzo de 2014.

Por outra banda, o Consello da Xunta de Galicia aprobou o pasado 21 de xaneiro de 2016 o Plan Anual 2016 da Cooperación Galega para o Desenvolvemento, no que se recolle a programación do conxunto de actuacións que serán desenvolvidas ao longo do ano 2016.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Como se está a executar o Plan Anual de Cooperación Galega 2016?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado Del Río na data 27/12/2016 11:13:33

César Manuel Fernández Gil na data 27/12/2016 11:13:42

María Antón Vilasánchez na data 27/12/2016 11:13:46

María Julia Rodríguez Barreira na data 27/12/2016 11:13:52



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2016 11:19
Nº Rexistro: 2623
Data envío: 27/12/2016 11:19:16.258

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 27/12/2016 11:14:04

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 03.03.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 4190(10/POC-000717)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as razóns dos sucesivos adiamentos e demoras no desenvolvemento das probas correspondentes aos procesos selectivos de persoal dos corpos xerais da Xunta de Galicia, as medidas previstas polo Goberno galego para corrixir esta situación, así como os prazos estimados para a convocatoria das probas pendentes e o remate do proceso selectivo

Publicación da iniciativa, 63, 09.02.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2017 10:12
Nº Rexistro: 4190
Data envío: 30/01/2017 10:12:27.404

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa aos procesos selectivos dos corpos xerais da Xunta de Galiza.

En datas recentes os representantes sindicais da administración autonómica veñen de denunciar públicamente a lentitude dos procesos selectivos de Corpos Xerais da Xunta de Galiza. Ao xa de por si indeterminado tempo que pode transcorrer entre a publicación da Oferta de Emprego Público e a da convocatoria, únese a inconcreción nas datas de realización dos exercicios e o exceso nos prazos entre cada un destes.

Segundo a representación sindical, os procesos máis afectados polos atrasos son:

- **A2 promoción interna:** segundo exame 27 de xullo e aínda sen notas; xa pasaron os prazos do terceiro (galego).
- **C1 promoción interna:** segundo exame 14 de xullo e notas o 7 de outubro con modificación posterior o 17 de outubro; non hai nada do terceiro exercicio (galego) e xa pasaron os prazos (mesmo a ampliación concedida por Función Pública).
- **C2 promoción interna:** segundo exame 22 de xullo e notas o 29 de setembro; non hai nada do terceiro exercicio (galego) e xa pasaron os prazos (mesmo a ampliación concedida por Función Pública)



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2017 10:12
Nº Rexistro: 4190
Data envío: 30/01/2017 10:12:27.404

- **C2 libre:** primeiro exercicio 15 de xullo e notas o 29 de xullo; o segundo estaba previsto desde setembro para esta primeira quincena de novembro; incumplido.
- **A1 promoción interna:** aínda non están publicadas as notas do segundo exame realizado o 28 de setembro e en breve incumprirán tamén o prazo para realizar o terceiro exame, previsto para a segunda quincena de novembro; o 16 de setembro ampliaron o prazo por 20 días.

Ante a petición de información por parte da representación sindical, a Dirección Xeral da Función Pública atribúe os sucesivos adiamentos e atrasos aos tribunais.

O grupo parlamentar do BNG comparte da preocupación de persoas que participan nestes procesos selectivos pola falta de planificación e previsión, e polo exceso de prazos entre cada un dos exercicios.

Polo anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión

- Cales son as razóns dos sucesivos adiamentos e atrasos no desenvolvemento das probas correspondentes aos procesos selectivos dos corpos xerais da Xunta de Galiza?

-Que medidas preve adoptar o goberno galego para corrixir esta situación que se vén repetindo en sucesivas convocatorias?

-En que prazo estima o goberno que se convocarán as probas pendentes e se rematará o proceso selectivo?



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2017 10:12
Nº Rexistro: 4190

Data envío: 30/01/2017 10:12:27.404

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2016

Asdo.: **Xosé Luis Bará Torres**

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 18/11/2016 11:39:40

Ana Pontón Mondelo na data 18/11/2016 11:39:45

Olalla Rodil Fernández na data 18/11/2016 11:39:50

Xosé Luis Rivas Cruz na data 18/11/2016 11:39:54

María Montserrat Prado Cores na data 18/11/2016 11:39:58

Noa Presas Bergantiños na data 18/11/2016 11:40:00

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 03.03.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 4494(10/POC-000768)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e Vilán Lorenzo, Patricia

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a publicación no Portal de transparencia e goberno aberto do informe referido ao grao de cumprimento pola Xunta de Galicia dos acordos aprobados polo Parlamento de Galicia na décima lexislatura

Publicación da iniciativa, 66, 15.02.2017



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada e Patricia Vilán Lorenzo, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

Como xa temos subliñado en anteriores iniciativas, os mecanismos de transparencia e bo goberno funcionan como contrapesos que garanten a protección da cidadanía fronte a hipotéticas arbitrariedades do poder público e o uso indebido dos cartos ou patrimonio públicos. As incompatibilidades das persoas que exerzan altos cargos, a publicidade das actividades do Goberno e o exame cidadán de toda esta información supón mecanismos de control e de limitación do poder estatal perante as liberdades civís.

Galicia foi pioneira en España en poñer en marcha os necesarios compromisos de transparencia coa aprobación da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega. Novas esixencias sectoriais e o novo marco estatal de carácter básico determinado pola Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deron lugar á nova Lei de Galicia 1/2016, que declara a importancia non só dos contidos ofertados senón a súa calidade, en materia de información institucional, de relevancia xurídica ou en materias como as relacións coa cidadanía, contratación pública, convenios, persoal, patrimonio ou información económica e orzamentaria.

Un destes aspectos que reforzan a nosa calidade democrática é o nivel de información nas relacións do executivo co poder lexislativo. Nesta liña, o artigo 19.2 da Lei 1/2016 establece que a finais de cada ano, a Xunta de Galicia elaborará e publicará no Portal de transparencia e Goberno aberto un informe respecto do grao de cumprimento dos acordos aprobados polo Parlamento de Galicia nese ano.

Actualmente, figura dispoñible no Portal de transparencia a información relativa aos acordos aprobados no Parlamento durante a IX Lexislatura, pero finalizada esta e rematado o ano 2016 non figura ningún informe que recolla o grao de cumprimento destes acordos.



Grupo Parlamentario

Ante esta situación o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Cando ten previsto o Goberno galego publicar no Portal de transparencia e Goberno aberto o informe referido ao grao de cumprimento pola Xunta de Galicia dos acordos aprobados polo Parlamento na IX Lexislatura?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 03/02/2017 12:45:30

Patricia Vilán Lorenzo na data 03/02/2017 12:45:43

Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 03.03.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.4 4568(10/POC-000779)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e 13 máis

Sobre a existencia de tarxetas bancarias institucionais na Xunta de Galicia, así como de mecanismos suficientes para garantir o cumprimento da Lei de transparencia e bo goberno

Publicación da iniciativa, 66, 15.02.2017



Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Santos Queiruga, Magdalena Barahona Martín, Luca Chao Pérez, Eva Solla Fernández, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Vázquez Verao, Davide Rodríguez Estévez, Paula Quinteiro Araujo, Marcos Cal Ogando, Ánxeles Cuña Bóveda, Luís Villares Naveira, Manuel Lago Peñas, Antón Sánchez García e Francisco Casal Vidal, deputadas e deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1.^a.

A transparencia política é unha obriga que todas as institucións públicas deben cumprir para asegurar unha boa saúde democrática. Render contas á cidadanía cando esta as demande, presentase como algo fundamental para que a confianza nos órganos que a gobernan non se vexa dinamitada.

Vemos en cantidade de ocasións como iniciativas impulsadas polo actual Goberno galego quédanse en papel mollado por falta de compromiso. Un exemplo é a lei de transparencia de Galicia, aprobada o ano pasado como medida estrela por parte do presidente Feijoo. Ata os nosos días a esta lei négaselle a súa aplicación efectiva, xa que non serve só con aprobar leis, estas tamén necesitan dotación económica e vontade política para que se poidan facer cumprir.

Recentemente tívose constancia, unha vez máis, dos problemas que o goberno do Partido Popular na Xunta ten coa transparencia neste país. A Consellería de Facenda tras dúas peticións oficiais de información, que se amparaban precisamente na lei de transparencia de Galicia, ademais de coa intervención da valedora do pobo, afirmaba que non dispoñía de información sobre si na



administración autonómica galega existían ou non tarxetas bancarias institucionais.

A Lei de Transparencia de Galicia reconece o dereito de todo cidadán a preguntar directamente sobre datos non públicos. Cando se lle nega esa información coa escusa de que non se dispón de información, a transparencia quédase como un slogan baleiro de contido e como unha iniciativa que busca máis intereses electoralistas que solucións reais.

Dende En Marea, entendemos a transparencia como un eixo fundamental para a rexeneración democrática na nosa terra.

Polo exposto, formulamos as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

- 1- Existen tarxetas bancarias institucionais na Xunta de Galicia?
- 2- Existen mecanismos suficientes que aseguren o cumprimento da Lei de Transparencia de Galicia?

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 06/02/2017 13:57:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2017 16:30
Nº Rexistro: 4568
Data envío: 06/02/2017 14:00:06.212



Magdalena Barahona Martín na data 06/02/2017 13:57:12

Luca Chao Pérez na data 06/02/2017 13:57:20

Paula Vázquez Verao na data 06/02/2017 13:57:32

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 06/02/2017 13:57:35

Juan José Merlo Lorenzo na data 06/02/2017 13:57:41

Antón Sánchez García na data 06/02/2017 13:57:45

Eva Solla Fernández na data 06/02/2017 13:57:49

Paula Quinteiro Araújo na data 06/02/2017 13:57:53

Luis Villares Naveira na data 06/02/2017 13:57:56

José Manuel Lago Peñas na data 06/02/2017 13:58:00

Francisco Casal Vidal na data 06/02/2017 13:58:04

David Rodríguez Estévez na data 06/02/2017 13:58:07

Marcos Cal Ogando na data 06/02/2017 13:58:12

Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 03.03.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei en Comisión

Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 03.03.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 4053(10/PNC-000378)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as xestións que ten que facer o Goberno galego diante do Goberno do Estado para que os sobres dos xulgados de Violencia contra a Muller non leven o selo identificativo para favorecer a discreción

Publicación da iniciativa, 57, 01.02.2017



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López e Juan Manuel Díaz Villoslada**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de motivos

O servizo público da Xustiza é vital para a vertebración do estado social e democrático de dereito. Necesitamos unha Administración de Xustiza moderna, esencial para consolidar o estado de dereito e mellorar a calidade da nosa democracia. E a xustiza ten moito que dicir na loita contra a violencia machista, unha das peores lacras da nosa sociedade e que, lonxe de se reducir, repunta. A loita contra a violencia machista precisa de actuacións integrais e transversais recollidas na Lei Orgánica de 2004, que o Goberno galego ten discriminado orzamentariamente ano tras ano.

Necesitamos un gran pacto contra a violencia contra a muller. En Galicia tamén o necesitamos, tendo en conta que o Dereito Penal non pode suplir á política de loita contra a violencia machista. Realmente, hai varias liñas principais de traballo: a educación, a prevención e a ampliación de recursos ás mulleres para que se sintan seguras.

Dentro desta liña, garantir a protección e atender ás vítimas han de ser cuestións prioritarias, pero tamén garantir a protección das persoas testemuñas citadas para xuízos por violencia de xénero. Pois ben, hai unha cuestión que afecta -e moito- a esta protección: os sobres dos xulgados de violencia contra a muller teñen expresamente este membrete, o que é moi delicado porque pode levar a moita confusión. Non estaría ben que o membrete non aparecese?



 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que esixa do Goberno do Estado que os sobres dos xulgados de violencia contra a muller non leven membrete deses xulgados, coa fin de ter a maior discreción posible.

Pazo do Parlamento, 24 de xaneiro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
Juan Manuel Díaz Villoslada
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 24/01/2017 19:58:49

María Luisa Pierres López na data 24/01/2017 19:58:58

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 24/01/2017 19:59:04

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2017 09:30
Nº Rexistro: 4053

Data envío: 24/01/2017 20:01:13.537



Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 24/01/2017 20:00:53

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 03.03.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 4392(10/PNC-000413)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e 13 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego
para impulsar o software libre na Administración local

Publicación da iniciativa, 62, 08.02.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2017 17:58
Nº Rexistro: 4392
Data envío: 01/02/2017 17:58:13.041



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de EN MAREA, a iniciativa dos deputados e deputadas **Carmen Santos Queiruga, Magdalena Barahona Martín, Luca Chao Pérez, Eva Solla Fernández, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Vázquez Verao, Davide Rodríguez Estévez, Paula Quinteiro Araujo, Marcos Cal Ogando, Ánxeles Cuña Bóveda, Luís Villares Naveira, Manuel Lago Peñas, Antón Sánchez García e Francisco Casal Vidal**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**, relativa a potenciación do software libre na administración local.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo o Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (Amtega) 8 de cada 10 concellos galegos dispoñen de software libre en algún sistema informático, o que reflicta unha evolución positiva durante estes últimos anos.

Entre os beneficios que se poden enumerar do software libre para as administracións públicas están a seguridade, xa que é moito mais fácil detectar problemas, ademais da eficiencia, porque o software libre permite ser adaptado ás necesidades que cada Administración local ten, podendo ser mellorado tantas veces sexa necesario.



Dende En Marea consideramos que a potenciación do software libre nos concellos é un eixo fundamental para acadar unha administración pública local eficiente e adaptada ós novos tempos.

Analizando o informe elaborado por Amtenga, a principal acción que demandan os concellos para a promoción do software libre é a formación dos usuarios nesta materia (83,4% dos concellos) seguido por asesoramento concreto para cada concello con un 75,9%.

Polo exposto, formulamos a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Favorecer que todos os concellos de Galicia posúan o software libre.
2. Brindar aos usuarios da administración local asesoramento personalizado e formación continua sobre o software libre para acadar o mellor rendemento posible do mesmo.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 01/02/2017 17:52:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2017 17:58
Nº Rexistro: 4392
Data envío: 01/02/2017 17:58:13.041



Magdalena Barahona Martín na data 01/02/2017 17:53:03

Paula Vázquez Verao na data 01/02/2017 17:53:10

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 01/02/2017 17:53:13

Juan José Merlo Lorenzo na data 01/02/2017 17:53:17

Antón Sánchez García na data 01/02/2017 17:53:21

Eva Solla Fernández na data 01/02/2017 17:53:25

Luca Chao Pérez na data 01/02/2017 17:53:28

Paula Quinteiro Araújo na data 01/02/2017 17:53:31

Luis Villares Naveira na data 01/02/2017 17:53:35

José Manuel Lago Peñas na data 01/02/2017 17:53:39

Francisco Casal Vidal na data 01/02/2017 17:53:42

David Rodríguez Estévez na data 01/02/2017 17:53:46

Marcos Cal Ogando na data 01/02/2017 17:53:49

Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 03.03.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.3 4579(10/PNC-000440)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en
relación cos danos causados polos temporais rexistrados en
Galicia nos primeiros días do mes de febreiro de 2017

Publicación da iniciativa, 66, 15.02.2017



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2017 16:30
Nº Rexistro: 4579
Data envío: 06/02/2017 16:30:50.353

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Luís Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nestes días pasados producíronse en Galiza unha serie de temporais sucesivos que tiveron como consecuencia máis grave a perda de vidas humanas. Ademais, produciron importantes danos en propiedades privadas, no sector primario, na actividade industrial e de servizos e en infraestruturas e equipamentos públicos.

Un dos efectos máis graves no ámbito material foi o dos cortes do subministro eléctrico que afectaron a milleiros de galegos e galegas durante máis de 48 e 72 horas. Unha situación que ten que ver coas deficiencias da infraestrutura da rede eléctrica e co insuficiente e tardío operativo das empresas concesionarias, nomeadamente Gas Natural Unión Fenosa.

Tendo en conta a gravidade da situación, cómpre facer unha primeira avaliación dos danos producidos e aprobar un decreto de axudas para facer fronte ás perdas tanto no ámbito público como privado.

Polo anteriormente exposto, o grupo parlamentario do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2017 16:30
Nº Rexistro: 4579
Data envío: 06/02/2017 16:30:50.353

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a

1. Facer unha avaliación urxente e un estudo dos danos producidos polos temporais nas infraestruturas e servizos de titularidade pública e privada: infraestruturas e equipamentos públicos, mobiliario, equipamento e bens dos fogares; infraestruturas e bens do sector primario (agrario, gandeiro, forestal, marisqueiro, pesqueiro, acuícola...), actividade industrial e sector servizos.

2. Exixir responsabilidades e establecer medidas sancionadoras ás empresas titulares das infraestruturas polo mal estado das mesmas e ás prestadoras de servizos de subministro eléctrico polo tardío e deficiente operativo de resposta para minimizar os efectos dos cortes do servizo.

3. Aprobar axudas para os concellos, fogares e empresas que sufriron perdas como consecuencia dos temporais.”

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2017 16:30
Nº Rexistro: 4579
Data envío: 06/02/2017 16:30:50.353

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 06/02/2017 16:26:54

Olalla Rodil Fernández na data 06/02/2017 16:26:59

Xose Luis Rivas Cruz na data 06/02/2017 16:27:02

María Montserrat Prado Cores na data 06/02/2017 16:27:06

Noa Presas Bergantiños na data 06/02/2017 16:27:08

Ana Pontón Mondelo na data 06/02/2017 16:27:11